

Un novo cociñeiro

Un bo día, Vítor, o meu irmán, anunciou:

–Quero ser cociñeiro!

Como antes quería ser astronauta ou submarinista, meus pais aledáronse moito de oír unha cousa tan normal.

Por iso lle regalaron un libro de receitas sinxelas. E nada perigosas, porque non cumpría acender o lume...

Non sabían que calquera cousa pode ser perigosa nas mans do meu irmán!

De alí a uns días, ofreceuse a facer a cea. Pechouse na cociña co libro e, deseguida, comezamos a oír rúidos estraños: flis-flas, pim-pam, clic-clac, tic-toc, cric-crac... Que sorpresa nos estaría preparando?

Horas despois, como non saía da cociña, entramos nós. Botamos un berro de espanto: a cociña parecía un campo de batalla! Os armarios e os caixón abertos, coma se entraran os ladróns; a mesa, ateigada de cousas; o vertedoiro, acugulado de pratos sucios... Que desastre!

O meu irmán, pálido e despeiteado, ensinounos con cara de pena unha bandexa cunha masa de aspecto horrible.

–Non se parece moito á foto do libro... –recoñeceu en voz baixa.

Meus pais e mais eu escachamos coa risa. Non estaba tan mal! Ao fin e ao cabo, era a primeira vez que cociñaba...

1 Que quería ser agora Vítor? ,

2 En que orde suceden os feitos? Numera.



3 Que quere dicir *a cociña parecía un campo de batalla*? Risca as que non correspondan.

Que alí había un combate.

Que estaba sucia e moi desordenada.

Que estaba chea de plantas.

4 Relaciona as palabras ou expresións que teñen un significado semellante.

ateigado

perigosas

receita

anunciar

submarinista

mergullador

comunicar

fórmula

acugulado

arriscadas

5 Resolve estas cuestións sobre a lectura.

- Cando a familia entrou por fin á cociña, que lles ensinou Vitor?
- Como se sentía o rapaz? Copia as expresións do texto que o indiquen.
- Explica que pensou a familia do que cociñara Vitor.

Nome _____ Data _____

LEMBRA:

Os **substantivos** son as palabras que utilizamos para nomear as persoas, os animais e as cousas.

Os **substantivos teñen xénero**: poden ser masculinos ou femininos. Tamén **teñen número**: poden estar en singular ou en plural.

Os **substantivos poden ser comúns** (Son as palabras que utilizamos para nomear persoas, animais ou cousas en xeral, soen ir en minúscula) **ou propios** (palabras que utilizamos para nomear persoas, animais ou cousas en particular, é dicir, a un en concreto. Os nomes propios escríbense con letra maiúscula) e **individuais** (son as palabras que nomean a unha soa persoa, animal ou cousa) **ou colectivos** (son palabras que nomean **en singular** a un conxunto de persoas, animais ou cousas).

1 Escribe, en cada caso, o substantivo individual e o colectivo correspondente.



2 Escribe o feminino de cada substantivo.

- | | | |
|------------------|------------------|--------------------|
| • irmán ▶ _____ | • neno ▶ _____ | • ministro ▶ _____ |
| • mestre ▶ _____ | • doutor ▶ _____ | • rei ▶ _____ |
| • sogro ▶ _____ | • can ▶ _____ | • actor ▶ _____ |
| • boi ▶ _____ | • conde ▶ _____ | • elefante ▶ _____ |
| • fillo ▶ _____ | • pintor ▶ _____ | • bailarín ▶ _____ |

3 Escribe estes substantivos en plural.


- | | | |
|------------------|------------------|-------------------|
| • cereal ▶ _____ | • menú ▶ _____ | • árbitro ▶ _____ |
| • muller ▶ _____ | • festín ▶ _____ | • chapeu ▶ _____ |
| • arame ▶ _____ | • folla ▶ _____ | • rapaz ▶ _____ |
| • museo ▶ _____ | • pai ▶ _____ | • cordel ▶ _____ |

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Escríbense con h.

- As formas dos verbos *habitar, haber, herdar, hospedar, prohibir...*
- Moitas outras palabras como *home, hora, harmonía, heroe, vehículo, herba, hoxe...*


1 Completa as oracións con formas conxugadas do verbo *haber*.

- Mañá _____ un concerto na praza da vila.
- Onte _____ unha conferencia moi interesante no auditorio.
- Cando o avó naceu, aínda non _____ ordenadores.
- Nesta confeitaría non _____ os bombóns que che gustan a ti.

2 Risca a opción incorrecta e copia a oración coa forma correcta.

- Abandonaron a (*horta / orta*) e agora está cuberta de (*herba / erba*).
- _____
- Ese (*home / ome*) sempre está de moi bo (*humor / umor*).
- _____
- Mercou carne para (*hamburguesas / amburguesas*) e unha ducia de (*ovos / hovers*).
- _____

3 Copia as oracións substituíndo os debuxos polas palabras correspondentes.

- O  pasa o día na auga.

- Un  trouxo o ferido ao .

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Son polisémicas as palabras que teñen máis dun significado. Por exemplo, *bico* pode referirse a un cume, a un beixo, ao peteiro dunha ave, a unha parte dunha xerra...

1 Escribe dúas oracións con cada palabra en que se aprecie cada un dos significados.



rato



- _____
- _____



serra



- _____
- _____

2 Risca o significado que non corresponde a cada palabra.

banco	chave	carta
Lugar para sentarse	Ferramenta para cociñar.	Escrito que se lle envía a alguén.
Grupo de insectos.	Signo musical.	Representación a escala da Terra.
Lugar onde se gardan e se prestan cartos.	Peza de metal que permite abrir e pechar a porta.	Que nunha serie ocupa o lugar número catro.

3 Descubre a palabra polisémica a que se refiren os pares de definicións.

- Materia que cobre o corpo dos paxaros.
Instrumento para escribir. ▶ P _____
- Construción cuns canos por onde sae auga.
Prato grande para servir comida. ▶ F _____
- Parte das plantas que está baixo a terra.
Parte invariable dunha palabra. ▶ R _____

Nome _____ Data _____

Momentos redondos!

Pizzeria Venezia

E agora, servizo a domicilio!

Na pizzería Venezia as pizzas son máis crocantes, máis saborosas e máis grandes!

R/ Illote, 11 Tel. 643 454 566

1 Un anuncio adoita ter diversas partes. Relaciona cada unha coa súa descrición.

Slogan

Explica as características básicas do produto anunciado.

Texto informativo

É unha mensaxe breve que pretende chamar a nosa atención e animarnos a mercar o produto.

Texto complementario

Informa de cuestións prácticas, como onde se pode adquirir o produto e como nolo poden facer chegar.

2 Agora responde estas preguntas sobre o anuncio anterior.

- Que se anuncia neste cartel? _____
- Cal é o texto que informa do produto? _____

- Cal é o slogan? _____
- Que outra información se dá? _____

3 Explica cal cres que é a función da imaxe no anuncio da pizzería.

4 Que debes ter en conta para facer unha cuña publicitaria? Marca as afirmacións correctas.

- Unha cuña publicitaria é un espazo dedicado a anunciar un produto na radio.
- Unha cuña publicitaria é unha parte dun programa de radio.
- A cuña publicitaria ha de ser breve e clara.
- Canto máis longa é unha cuña publicitaria, mellor.
- Na radio non hai imaxes; por iso, nas cuñas publicitarias hai que chamar a atención dos oíntes coa música, cos cambios do ton de voz, coa expresividade...

5 Elabora o texto para a cuña publicitaria do anuncio da páxina anterior.
